

# Letras Galegas

*Maria Marino Carou*  
2007

MATERIAL DIDÁCTICO





# MARÍA MARIÑO CAROU

O plenario da Real Academia Galega do 7 de xullo do 2006 decidiu dedicarlle a celebración do 17 de maio, Días das Letras Galegas, a unha muller con voz propia, representativa do seu tempo, coincidindo co centenario do seu nacemento, que é, con Rosalía de Castro e Francisca Herrera Garrido, a terceira muller recoñecida pola mencionada institución galega.

A obra literaria de María Mariño está marcada polas circunstancias vitais que a rodearon, de tal xeito que a súa condición de muller e a pertenza á clase humilde fixeron que o acceso á cultura fose francamente difícil. A súa poesía inspírase na tradición popular “onde non é allea a inevitable presenza de Rosalía de Castro” e enriquecese coa intimidade profunda dunha muller madura.

M.<sup>a</sup> Mariño Carou nace en Noia no 1907 e falece 60 anos despois en Parada do Courel. Era de familia humilde. Deixou moi nova a escola para poder exercer como costureira polas casas. A Guerra Civil e as dificultades económicas levan a súa familia a Boiro. Alí tomou contacto coa literatura na magnífica biblioteca do pazo de Goíáns, onde unha tía súa traballaba de cociñeira.

Finalizada a guerra, casará en Boiro co mestre Roberto Pose Carballido, que é destinado a Euskadi, onde acontece o falecemento do seu único fillo ao pouco de nacer. Isto marcará a súa vida e o seu carácter. Volve o matrimonio a Galicia, onde Roberto é destinado a Romeor do Courel, pequena aldea de inmenso souto, perdida na serra, entre vellos vestixios arqueolóxicos, contos, lendas e músicas populares. Logo, o destino levaraa a asentarse en Parada do Courel, camiños de Moreda e da devesa da Rogueira, illada na soidade aldeá, entre os “tesos cumes” e as fragas da serra que avivarán a lírica de duras vivencias. Realizou algunhas viaxes a Noia e a Monforte e as vacacións viviu nas nos últimos anos na cidade da Coruña.

En Parada, no ano 1953, coñeceu a Uxío Novoneyra, que se converterá nun forte estímulo literario, a través do que superaría o illamento en que vivía, e entrou en contacto con outros escritores, como Manuel María, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Sixto Seco e Augusto Assía, entre outros intelectuais da época.

Comeza a escribir en 1957 elaborando dous poemarios. *Palabras no tempo* será prologado polo “patriarca” don Ramón Otero Pedrayo, que fala da “revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso trágico do ser do tempo na serra” e ilustrado por Ramón Patiño. Foi publicada pola editorial Celta, de Lugo, en 1963, na colección Tesos Cumes. O segundo libro, *Verbas que comeza*, amosa a súa angustia existencial ante a presenza da morte que sabe que está máis cerca. Remátao de escribir en marzo de 1967, apenas dous meses antes de finar de leucemia. Polas circunstancias políticas da época, non será coñecida máis que nos coutos literarios.

O seu amigo Uxío Novoneyra asegura que María escribiu dous libros en castelán: *Los años pobres. Memorias de guerra e posguerra e Más allá del tiempo*.

Os restos da escritora repousan no cemiterio parroquial de Seoane do Courel.

María Mariño foi unha autora atípica. Apenas mantivo relacións co resto dos intelectuais da época, excepto con Uxío Novoneyra, co que pasou algunha tempada no Courel. Relaciónase tamén con Manuel María, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell ou Sixto Seco, pero só con Novoneyra mantería unha verdadeira relación de amizade. Probablemente foi este trazo seu, de permanecer allea ao mundo literario, o que a catapultou ao esquecemento literario.


Toda esta traxectoria vital marca a súa obra, sobre todo, a súa condición de muller. A súa poesía inspírase na tradición popular, onde non é allea de todo a sombra de Rosalía de Castro. Mais María Mariño non comeza a escribir ata os cincuenta anos, polo que consegue dotar a súa obra dun peso de reflexión que só a súa madurez lle podía outorgar.

Actividades  
Educación Infantil

DISCRIMINACIÓN VISUAL E AUDITIVA GRAFOMOTRICIDADE



*Trabalinguas*

BORDA O BORDO BORDADORA,  
BORDANDO BORDADAMENTE,  
BORDIÑOS NOS BORDOS  
DAQUELES BORDADOS VERDES



*Canción*

Costureiriña melindrosa  
din que non come touciño:  
come ela un porco enteiro  
dende o rabo ata o fación




Aprende o trabalinguas e a canción. Arrodea as vogais. Repasa.

DISCRIMINACIÓN VISUAL. GRAFOMOTRICIDADE


Arrodea de verde os *E*, de vermello os *A* e de amarelo os *J*. Repasa e colore.

FRORIÑA DE ALTO TALLE  
ENTRE HERBA BEN NACIDA,  
HOXE TODA PEITO ES  
DO ALENTO DAQUEL DÍA


*María Mariño*



DESTREZA MOTRIZ



*Colorea, recorta e pega.*



DESTREZA MOTRIZ

# Traxe de diario da muller galega

Le e repasa:

Pano da cabeza

Chambra

Enagua

Medias





Zocos

Mandil

Carpina

Mantón

Refaico



# Traxe de diario do home galego

Le e repasa:

Chambra

Cirolas

Medias



Zocos

Pucha







Chaleco

Pantalón


Faixa



Colorea e recorta cada unha das pezas do traxe tradicional e pégaas na figura correspondente



# Traxe tradicional de traballo



Primeiro Ciclo  
Educação Primária

Alalá da lonxe eira!  
Ruxir do preto curral!  
Entre follatos de millos,  
entre barbeitos e chans,  
entre berros de meniños,  
entre ruxir e ruxir  
hórreos calan erguidos...

Maria Mariño

1. Arrodea as palabras que levan "b". Escríbeas.

---

2. Fai unha frase con cada unha das palabras anteriores.

---

---

3. Ordena estas palabras alfabeticamente

ruxir, curral, millos, berros  
eira, chans, lonxe, meniños

-----, -----, -----, -----,

-----, -----, -----, -----,

4. Busca sinónimos. Dá algún antónimo.

5. Completa a táboa.

	Número letras	Número consoantes	Número silabas	Silaba tónica
follatos	6			
lonxe		3		
hórreas			3	
meniños				ni
curral				
erguidos				

6. Completa e debuxa.

Era un porco tan gordo que voaba coma un globo.

Era una galiña tan ----- que -----

---

Era ----- tan ----- que

---

Era ----- tan ----- que

---

Era ----- tan ----- que

---

7. Imaxina que nun curral hai 15 galiñas, 24 polos, 3 porcos,  
6 galos, 7 vacas e 14 ovellas.  
Cantos animais hai?

Entre todos, cantas patas cuentan?

Entre todos, cantas cabezas cuentan?

Entre todos, cantos ollos cuentan?

8. Cantas explotacións gandeiras coñeces?

9. Para debater na aula coa axuda do teu profesor ou profesora:

Mudou a forma de vida na sociedade rural dende os anos 60 á actualidade?


Segundo Ciclo  
Educación Primaria

# Cruceiro

Entre o cruceiro vou indo e del non me sei volver.  
Tomo terra de cruceiro;  
somo coroa esquecida,  
somo bágoa doutro peito

Maria Mariño

1. Observa a foto do cruceiro



Os cruceiros son cruces de pedra que se colocan en lugares como son as cruces de camiños, adros de igrexas, ermidas ou, mesmo, en entradas a cemiterios, sempre en relación con lugares de culto. Están formados de: banzos, base, capitel e cruz.

2. Debusca un cruceiro e coloca o nome de cada unha das súas partes no lugar correspondente.

3. Castelao escribiu a obra As cruces de pedra na Bretaña. Le un fragmento. Logo escribe un conto sobre os cruceiros como cruces de camiños.

4. Redacta un texto no que aparezan as palabras: banzos, base, capitel, cruz. Ponlle título.

4. Escribe o nome de tres arquitectos ou arquitectas importantes na actualidade.

-

-

-

5. Di tres obras galegas arquitectónicas importantes.

-

-

-

6. Escolle algún sinónimo para cada unha destas palabras:

Esquecido -----

Vou -----

Volver -----

5. Escribe unha frase con cada un dos sinónimos.

-

-

-

6. Ordena alfabeticamente estas palabras:

cruceiro, coroa, bágoa, peito

7. Escribe cinco palabras co sufixo -eiro. Este sufixo ten sempre o mesmo significado?

8. Busca, fixándote nos debuxos e nos textos da exposición, tres profesións femininas habituais no tempo de María Mariño.

-  
-  
-

9. Escribe outras 10 profesións que as mulleres comezasen a exercer recentemente.

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-

10. Busca o nome de:

- Unha presidenta dun Estado
- Unha xuíza
- Unha astronauta
- Unha científica
- Unha deportista de alta competición
- Unha cantante de hip hop

11. Pinala, coa axuda do teu profesor ou profesora, algúns dos cambios que supuxo a incorporación da muller a estas profesións.

12. Busca palabras que rimen con:

Volver -----

Cruceiro -----

Peito -----

Esquecida -----

13. Escribe unha poema empregando as palabras da actividade anterior.

14. No mapa de Galicia busca a túa cidade, vila ou aldea. Fai unha circunferencia de 2 cm con centro na túa localidade.



a) Calas son as vilas que aparecen no interior da circunferencia? Nalgunha delas viviu María Mariño?

b) Mide no mapa a distancia desde a túa vila ata Noia e Boiro. Compara co raio da circunferencia anterior.

15. Na praza fronte á igrexa de San Martiño, en Noia, caben 43 lousas ao ancho e 64 ao longo.

a) Cantas lousas hai na praza?

B) Se cada lousa vale 126 euros, canto custan as lousas da praza?

*Tercero Cido*  
*Educación Primaria*

Dona era a gaita do longo daquela aldea.  
A tarde dos seus amores! Meniños das rosquilleiras!  
Os pinares eran voz;  
seus picaños arrecendían ó tempo.  
Era o tempo palabra, a que a gaita iba tecendo.

María Mariño

1. Le con atención varias veces este poema de María Mariño.
2. Escribe coas túas palabras o que conta o poema.

3. Coa axuda do dicionario, explica estas palabras:

picaños:-----

tecendo:-----

arrecendían:-----

4. Escribe unha frase na que apareza:

picaños, tecendo, arrecendían

5. Arrecender. De que outra maneira podemos referirnos ao sentido do olfacto?

Distinguimos en galego entre ulir ben e ulir mal?

6. Escribe palabras que rimen con:

gaitero:-----

pinares:-----

voz:-----

gaita:-----

7. Coas palabras da actividade anterior, escribe un poema. Non esqueceras o título.

8. Pinar é un castelanismo. Cal é a forma correcta no galego?

Como se chama un lugar onde hai piñeiros?

9. Busca nos poemas de María Mariño cinco castelanismos.

-  
-  
-  
-  
-

10. Busca agora cinco dialectalismos.

-  
-  
-  
-  
-

11. María Mariño usa no poema "Noia" pobo como sinónimo de vila ou aldea, cando só se refire á xente. Fai unha frase usando correctamente pobo, vila, aldea, cidade e lugar.

-  
-  
-  
-  
-

12. O poema número 3 leva por título a paisaxe do Courel. En moitos dos poemas de María Mariño a natureza está convertida en personaxe. Fíxate nos seguintes versos:

"A chuvia fala  
peneira o rego"

Por que?

Fai un poema que teña como protagonista un elemento da natureza.

Cres que cambiou moito a paisaxe galega nos últimos anos?

Que é o feísmo urbanístico? Mira o libro A mansión dos Pampín de Miquelango Prado. Le tamén o seguinte texto tirado da obra Vivir en Galicia, de Teresa Moure e Xurxo Lobato:

“Para contalo todo, a Rosa tiña moita razón en desexar un baño. Eles nunca dispuxeran, como dicilo?, dunha estancia destinada á hixiene persoal. Pó ela sabía cantolle custara ensinar os seus fillos a aguantar as ganas para chegar a tempo fóra dos muros da casa. Nas casas dos seus veciños todo era máis doado. Por moito que a présa apertase, ou por moi mal tempo que fose, non tiñan máis que acudir á corte e ali, á caloriña dos animais, o problema solucionábase sen ter sequera que deixar unha conversa ca prendida. Porén, o seu caso era diferente. A casa dos Lucarios non tiña corte: o negocio que lles daba de comer non lles deixaba sitio para satisfacer certas urxencias. Por iso, en canto a Rosa aforrou dúas pesetas, mandou construír un retrete. Tratábase dunha pequenísima dependencia no sobrado, cun escano perforado que aos comezos tiña unha tapa de madeira, aínda que a maior parte da súa vida transcorrera sen ela. Con todo, como o vertido se liberaba cara a un pozo negro que cavarán na traseira da vivenda, o seu uso era incómodo e os nenos lembraban a Rosa teimando sempre:

-O retrete só para as présas: de poderdes aguantar, mellor ide á leira.

Agora ben, as revistas que vendía na cantina foron refinándolle os gustos á Rosa ata o punto de que se obsesionou cos sanitarios [...].

Velai que un inodoro, un lavabo e unha bañeira, noviños do trinque,

coas súas billas, e tubaxces, e cisternas e cadeas, e todos os detalles que cumpría para os ben instalar, viaxaron ata Ferreira. Viaxaron desde a vila afastada e fantástica a lombo de mulo. Viaxaron lentamente. "Amodiño, oh, non vaian romper". Viaxaron con aspecto de reis gordechos, brancos e relucentes como as cuncas nas que o Chicho servía o viño da unha. Viaxaron, desde a estrada ata os carreiros, e desde os carreiros ata a casa, empaquetados en papel de estraza e cartóns con cordas. Por fin chegaron. Cando a aldea toda se reuniu ante a casa dos Lucarios para ver os paquetes enormes que lles chegaban, a parra estaba murcha, que corría o mes de novembro. Os mozos que se ocuparan do cargamento eran os propios traballadores do almacén da Coruña do que proviña o envío, mais tiveran que encargarse persoalmente dun transporte delicado como aquel porque as estradas eran aínda daquela camiños tortuosos e os autobuses de liña non chegaban a aquelas aldeas agochadas. Xa que logo, foron recibidos coma hóspedes, e mesmo invitáronos a un refrixerio. Agradecidos, os mozos quitaron as embalaxes e foron colocar o inodoro, o lavabo e a bañeira na estancia que lles estaba destinada. O malo foi explicar ao público alí reunido que, para funcionaren, estes aparellos precisaban dun luxo aínda descoñecido por aqueles pagos: precisaban auga encañada".

Agora compara o cambio que supuxo a aparición dos baños nas casas, de non ter ningún a ter dous ou tres. Escribe as vantaxes e tamén os inconvenientes para o medio.

Vantaxes:

Inconvenientes:

13. A partir da información que aparece no texto "O oficio de labrego", compara a situación dos labregos e labregas nesa época coa actual. Mudou moito? Que supuxo a introdución de maquinaria coma o tractor?

A continuación, aparece un texto de Xurxo Louto no que se compara a aparición dos tractores coa das guitarras eléctricas e no que se fala do rock bravú:

“A revolución que supuxo a chegada dos tractores ao mundo rural ten un correlato no mundo musical no movemento que deu en se denominar rock bravú, que comezou a xerarse cando as guitarras chegaron ás aldeas.

Xorde desta maneira unha expresión musical propia dos fillos de campesiños e de pescadores, así como da mocidade das barriadas urbanas. Entre os nomes dos grupos máis destacados deste movemento, están os Diplomáticos de Monte-Alto, os Heredeiros da Cruz, os Hornabois, Kenreira, Os Papaqueixos, Cúzaros...”.

Busca información sobre este tipo de música e explica, coas túas palabras, que é o rock bravú.

14. O texto número 7 leva por título "Gaiteiros". Hoxe tamén hai gaitoiras. Escribe o nome de tres das máis coñecidas.

-

-

-

Hai hoxe mulleres nas bandas de música? E antes?

15. Busca información sobre as mulleres na música, resúmea e escribe un texto con esta información.

16. O coiro do pandeiro que acompaña a gaita do poema ten un diámetro de 21 cm. Calcula a lonxitude de madeira que se necesitará para colocala arredor do coiro para facer o pandeiro.

17. Pusana Peivane quixo vender a súa gaita por 306 euros, para gañar na venda o 10 por cento do que lle custou. Cal era o prezo da gaita?

18. Calcula o número de nenos e nenas que hai na festa se repartimos 640 rosquillas e se lle damos a cada un deles e delas tantas rosquillas como nenos e nenas son, menos 54.

19. O poema número 8 titúlase "Emigración". Durante moitos anos, os galegos e as galegas emigraron a América e a Europa. Na actualidade, son moitas as persoas doutros países que veñen aquí buscando traballo. A que cres que se debe?

Explica a diferenza entre emigración e inmigración.

Repara na letra da canción Estranxeiros, dos Ghamberros

- De onde es?
- Do mundo son.
- Que dis que es?
- Un humano, como non!!"

Debate, coa axuda do teu profesor ou profesora, sobre o fenómeno da inmigración na actualidade e observa as semellanzas e as diferenzas coa emigración que moitas e moitos galegos padeceron.

## Outras Actividades

1. No mapa de Galicia sitúa os lugares onde viviu María Mariño.



2. Contesta cos datos da vida de María Mariño:

- Mes no que se celebra o Día das Letras Galegas.
- A que outras mulleres se lles dedicou o Día das Letras Galegas?
- Cantas mulleres hai actualmente na Real Academia Galega? Por que pensar que é así?

- Busca exemplos doutros ámbitos nos que a presenza das mulleres sexa escasa.
- En que vila mariñeira naceu María Mariño?
- A que provincia pertence?
- Onde comezou a súa afección pola lectura?
- Onde se asenta definitivamente?
- A que provincia pertence?
- Que dous libros de poemas escribiu?
- Escribiches ti poesía algunha vez? E contos?

- Busca o nome de dez poetisas actuais. De dez narradoras. De dez autoras teatrais.

- Con que escritor mantivo amizade?

3. Inventa un poema que se titule "A Muiñeira"

4. Maria Mariño naceu en Noia nunha vila mariñeira da provincia da Coruña. Poderías dicir o nome doutras vilas mariñeiras e situalas no mapa?



# Créditos

Colexio de Educación Especial "Santiago Apóstolo"  
As Xubias, 15 • 15006 A Coruña

## Xilografías

M<sup>a</sup>. Jesús Amado Amado  
M<sup>a</sup>. Victoria Amado Amado

## Textos

M<sup>a</sup>. Dolores Orellán Valiño

## Colaboran

Dolores Aurora Suárez Paradela  
Elia Díaz Caboada  
Esther García González  
Miguel Ángel Peña Rodríguez  
M<sup>a</sup>. Luz Barreiro Garea  
Patricia Rodríguez Bardanca  
Virginia Morán Núñez

